



EL CERRO. CABEZA DEL BUEY (BADAXOZ)



Frisonas de longa vida, pese á calor

Aínda que a gran parte da produción de leite se atopa no norte do país, viaxamos ata a provincia de Badaxoz para amosar que no sur aínda quedan granxas leiteiras nas que viven a día de hoxe vacas frisonas. Julián García é o propietario de El Cerro e foi o encargado de desvelarnos as características desta explotación estremeña.

Localización: Cabeza del Buey (Badaxoz)
N.º total de animais: 170
Vacas en muxidura: 68
Empregados: 1
Media de produción: 40,2 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,60 %
Porcentaxe de proteína: 3,30 %
RCS: 120.000 cél./ml
Superficie agrícola: 80 ha
Prezo do leite: 0,32 €/l

Todo empezou en 1982 coas tres vacas que mantiña e muxía o pai de Julián García Cueva, actual propietario da gandería El Cerro, situada na localidade de Cabeza del Buey, provincia de Badaxoz. A granxa foi crescendo aos poucos, trasladáronse do centro da vila á súa actual localización, nos arredores, e hai oito anos que se incorporou Julián á actividade definitivamente. Nese momento, segundo apunta el mesmo: “Construímos a

nave nova, a sala, aumentamos en número de vacas e empezamos a usar seme sexado para conseguir máis recría”.

Na gandería traballan dúas persoas, Julián e un empregado. Entre os dous repártense o traballo: “Eu levo máis o tema da xenética, das inseminacións, e el atende máis a botar de comer aos animais, ademais de axudarme no muxido”, explica.

Agora mesmo teñen un total de 170 animais, 68 son vacas en muxidura e 16 secas. Moxen dúas veces ao día nunha sala de espiña de peixe de 12 puntos, a media de produción no momento da visita era de 40,2 litros por vaca e día e a media anual da última campaña, 11.986 litros por vaca. A porcentaxe de graxa estaba no 3,60 % e a de proteína, no 3,30 %. O recuento de células somáticas era de 120.000 células por mililitro.



As xatas son destetadas sobre os 70 días

► “ESTAMOS COBRANDO 0,32 €/LITRO E CONTAMOS CON SERVICIOS DE COVAP EN CALIDADE DE LEITE, REPRODUCCIÓN, DISEÑO DE INSTALACIÓNS E ASESORAMENTO”

MEMBROS DA COVAP

A proximidade de Cabeza del Buey co norte da provincia de Córdoba é o principal motivo de que a ganadería El Cerro poida ser membro da Cooperativa Ganadera del Valle de los Pedroches (Covap). Véndenlle o leite e, ademais, en palabras do propio Julián, contan co asesoramento dos seus técnicos en diferentes materias: “Estamos cobrando 0,32 €/litro e contamos con servizos como os de calidade de leite, reprodución, deseño de instalacións e asesoramento”.

DISTRIBUCIÓN DO RABAÑO

A nave na que manteñen todos os animais foi crecendo tamén paulatinamente en función do número de cabezas e a día de hoxe contan con 2.250 metros cadrados construídos. Edificada en ferro e chapa, nela teñen perfectamente distribuído ao rabaño en lotes.

As xatas están en dous grupos, un ata os 70 ou 80 días, que fan a desteta, e outro ata os sete meses. Para as xovencas teñen tres lotes, o primeiro deles con animais desde os sete meses ao ano; o segundo, desde os 12 aos 16 meses, e o terceiro, desde os 16 meses ata un mes antes do parto. As vacas sepáranas noutros catro grupos: o lote de produción, o de paridas, o de preparto e o de secas.

Para as vacas en muxidura teñen un total de 80 cubículos con camas de area e o resto dos lotes descansan en palla. Na parte da nave onde están os cubículos teñen instalado un sistema de limpeza con arrobadeira, todo o resto arránxano e hixienízano a man. ►►



Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



* FINANCIACIÓN 0% - 24 MESES

Westermann
Reinigungstechnik
Patentado en Alemania.



El auténtico
arrimado en
espiral, no
compre
imitaciones

*consulte condiciones en su concesionario

Distribución Portugal:
ZjCarrageta Lda – Évora. www.zjcagriparts.pt
Agrovergeira – Pombal. www.agrovergeira.pt

Distribución España:
Formada por
25 puntos de servicio

Avda. Galicia, 109 • 33770 Vegadeo (Asturias) • Tel./Fax: (+34) 985 634 238

Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com

www.fondrigomaquinaria.com



Teñen camas de palla para todo o rabaño menos para as vacas en muxidura, que están sobre area



ALIMENTACIÓN

Esta distribución do gando non só responde ás idades das frisonas, senón tamén ás diferenzas que fan en canto á nutrición de cada lote. “Ata os 70 ou 80 días estamos co *prestarter* e a desteta facémola suave con este mesmo penso durante quince días máis ou menos. Logo, empezamos a proporcionarlles mestura de arranque para xatas e herba seca e aos sete meses empezan a comer penso de vaca seca”, explica Julián.

Covap facilítalles todos os días a ración para as vacas en muxidura, composta basicamente por silo de millo, silo de cereal, herba seca, soia, copos de millo e correctores. As acabadas de parir comen esta

▶ ERA INEVITABLE POÑER SOLUCIÓN AO ESTRÉS POR CALOR NA ÉPOCA ESTIVAL



A ración é preparada e facilitada pola Covap

mesma ración xunto cun penso de punteo e ás secas danlles unha mestura específica para vacas secas e herba seca.

TERRAS, MAQUINARIA E INSTALACIÓNS

A superficie total dedicada á explotación é de 80 hectáreas, nas que traballan dous cultivos: avea e triticales. “Dedicamos 60 ha a avea e 20 ha a triticales, a maioría da produción destinámola para a alimentación da granxa e o resto vendémola; depende dos resultados de cada ano, vendemos máis ou menos cantidade”, conta Julián.

En canto a maquinaria, teñen dous tractores, unha cuba, un arado, unha acondicionadora e rotores para a herba seca, “o que nos fai falta practicamente para todo, só acudimos aos servizos dunha empresa externa para o empacado da herba seca”, afirma o gandeiro.

Precisamente, a herba seca que destinan para a explotación gárdana dentro da nave e na parte do soporal deixan a cuberto a maquinaria. Ademais, teñen dúas fosas, unha de 600 m³ para o xurro e outra de 150 m³ para as augas coas que limpan a sala e o resto das instalacións. ▶▶



Vista dos ventiladores instalados por toda a nave



Sala 2x6 de espina de peixe

CALOR EXTREMA

O benestar dos animais é unha das prioridades actuais desta granxa e para logralo era inevitable pór solución ao estrés por calor na época estival. Julián di que “a calor nesta zona comeza sobre finais de abril ou principios de maio, que temos xa uns 25 graos, e de aí cara arriba ata setembro ou inicios de outubro. Todos eses meses temos temperaturas altas, no verán aproximámonos aos 40 graos”.

A solución chegou entre 2017, cando instalaron os ventiladores, unha decena deles repartidos por toda a nave, e 2018, coas duchas de auga. “O sistema funciona dependendo do THI –índice de temperatura e humidade, indicador común do estrés por calor– e por ciclos. O aire comeza a funcionar a 25 graos e a partir dos 28 ou 30 combínase coa auga. Neste caso, ciclos de 10 segundos de auga e 5 minutos de aire”, aclara.

Tras a súa instalación, Julián destaca como notou que a caída de produción nestes meses resultou moito menor e como a reprodución foi mellor no verán: “As vacas están máis cómodas, non están tan apuradas e véselles moito mellor. A produción, aínda que baixou uns días nos que a calor foi moi intensa, mantívose bastante ben”.

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

Da reprodución en El Cerro encárgase o propio Julián e a recría dedícaa practicamente toda á granxa, aínda que tamén vende algúns machos como sementais para gandeiros da zona.

Insemina as frisonas aos 13 ou 14 meses e a media de número de partos é de 2,9. A media de inseminacións por preñez é de 1,3 para as xovencas e de 2,5 para todo o rabaño, e a taxa de fertilidade é do 44 % á primeira inseminación e do 35 % para o total.

► “AO QUE MÁIS PRIORIDADE LLE DOU É Á PRODUCCIÓN E Á VIDA PRODUTIVA”

O intervalo entre partos anda polos 402 días e para a detección de celos nas vacas de alta produción utilizan os podómetros, pero nunca inseminan antes dos 60 días.

Utilizan o implante de embrións e Julián coméntanos que os recolle sempre sobre os 13 ou 14 meses. “Xenotipamos as xatas e traballamos coas que mellores resultados conseguen de toda a granxa. Facémolles embrións e implantámoslles ás que saíron máis baixas”, cóntanos.

Todo isto é así porque a mellora xenética é outra parte importante da explotación. Utilizan 4 ou 5 sementais ao ano e o 100 % é de orixe americana. Ademais, un 30 % do seme co que traballan é sexado e úsano con “todas as xovencas e ás veces en primeiras e segundas inseminacións”, dinos. Entre os parámetros que priman para a selección dos touros destacan a produción, o mérito neto e a vida produtiva. “Tento mellorar todo en xeral, pero ao que máis prioridade lle dou é á produción e ás vacas lonxevas, á vida produtiva”, subliña.

Julián ve o futuro na explotación e non descarta o crecemento paulatino do seu negocio. Aínda que nos comenta que xa son poucas as granxas que quedan na zona, El Cerro é un exemplo de que no sur tamén se pode vivir da gandería de maneira profesionalizada. ■